

Hola,

Soy Luis Congil, subdirector de Atlántico Diario (Vigo) y un enamorado de vuestro Concello. Os envíu un ensayo titulado "A verdadeira orixe do Entroido" que he escrito para tratar de poner un poco de orden en torno a las raíces históricas y antropológicas del Entroido, que no han sido hasta la fecha objeto de un estudio serio y riguroso, lo que ha permitido la proliferación de teorías bastante desencaminadas.

Conocer el pasado es conservarlo para el futuro. Espero que este análisis que Atlántico Diario publicó contribuya a ello y os sea de utilidad.

Un saludo y muchas gracias.

Luis Congil

La RevistA

suplemento dominical de Atlántico Diario

Domingo, 30 de enero de 2005


Nº 440

A festa galega máis ancestral

A verdadeira orixe do Entroido

Dende terribles esbirros dos señores medievais que baixaban dos castelos para recaudar impostos, ata festexos estacionais da mitoloxía celta. As explicacións populares ou semi-eruditas das atávicas figuras do Entroido galego, coma o cigarrón ou o peliqueiro, nunca chegaron a atinar coa súa verdadeira orixe: as Lupercais, unha festa que xa era vella no século V.

Os lupercos romanos (no recadro, representados nun altar) xa usaban unha tira de coiro brando para fustigar festiva e ritualmente á multitude que se agolpaba no outeiro do Capitolio, coma os nosos peliqueiros.



anxo iglesias

Estando unha vez Rómulo no monte do Capitolio, cerca da Cova Luparia onde fora amantado de neno pola loba, decatouse de que perdera o gando que estaba pacendo. Desesperado, pedíulle axuda ó deus Fauno Luperco, protector das reses e da fertilidade. Logo dun sacri-

ficio, o deus ordeoulle correr espido na súa procura polo monte abaixo. Así Rómulo deu con el, e coa soa axuda dun pequeno látego de coiro, voltou a reunir o gando suficiente para continuar coa fundación do que sería o primeiro imperio de Occidente. Esta e a orixe das festas

Lupercais, que co paso dos séculos convertéronse nunha grandísima celebración orxiástica na que participaba todo o pobo o 15 de febreiro. O folián principiaba cando os mozos baixaban correndo do Capitolio batendo na xente cunha badana. *(máis información nas páxinas interiores)*



Os peliqueiros baixan dende a praza da Picota de Laza, nun ritual que pervive dende a romanización. No século V, o Papa Xelasio (recadro) xa tentou prohibir as festas Lupercais.

Cando o Papa Xelasio ascendeu á cúspide da Igrexa, atopou un panorama desolador. A presión dos godos ameazaba á Cidade Eterna, e o paganismo e novas herexías coma o maniqueísmo dividían a fe. Entón, decidiu emprender una serie de reformas que acabarían coa instauración dos catro evanxeos oficiais e a prohibición dunha curiosa celebración purificatoria na que os servos de Vesta corrían outeiro abaixo fustigando ós fieis con “frebuas” (frebas) de coiro: as festas Lupercais.

A súa orixe nin é medieval nin ven do calendario cristiano

Quitámoslle a máscara ó Entroido

luis congil

O 1 de marzal de 492 Xelasio foi elixido Papa. Cando sentou na cadeira pontificia, o panorama que se lle presentaba como cabeza do cristianismo non podía ser máis desolador. Pasadas apenas décadas da caída do Imperio, as vellas fronteiras xa non protexían a Roma da cobiza dos bárbaros, e a fe estaba ameazada polo maniqueísmo e outras herexías que, esgrimindo cadanseus textos sagrados, facían perigar a posición de dominio do Vaticano. Por se fora pouco, o cristianismo aínda non fora quen de erradicar totalmente os cultos pagáns herdados da época dos Césares.

Xelasio, procedente das provincias africanas e bon coñecedor dos resortes do poder eclesiástico, acometeu o seu labor consolidador con verdadeira febre mística. O seu traballo habería de traer fondas

consecuencias históricas que aínda perviven hoxendía. Primeiro, oficializou a colección de textos canónicos que hoxe coñecemos como os evanxeos, desterrando ós demais como “apócrifos”. Ó tempo, combateu o maniqueísmo, obrigando a todos os crentes a comulgar con pan e viño, que os maniqueos consideraban impuro, e conseguindo así desenmascaralos a todos.

Pero logo de tres anos de frenética actividade reformadora, un problema continuaba no punto de mira de Xelasio: os vellos cultos

que a antiga Roma tolerara ou fomentara, coma o paganismo oficial dos deuses clásicos da tríada capitolina, (Xuno, Xúpiter e Minerva) ou aqueloutros chegados dende o oriente, coma o mitraísmo ou “cultos místéricos”, con complexos rituais de iniciación. Difundidos por todo o imperio, resistíanse á asimilación do cristianismo e Xelasio víaos como unha ameaza para a Igrexa.

Rematada a estratexia da absorción sincrética, como aconteceu coas festas Saturnais do sol-

ticio do inverno, que pasaron a ser o noso Nadal gracias ó establecemento do nacemento de Xesús no día 25 dese mes, algunhas celebracións pervivían fortemente arraigadas nos pobos do antigo Imperio. Xelasio necesitaba dar exemplo, aplicar un golpe de forza sobre un deses cultos moi significados e sentar o precedente de que todo o que estivera fóra da Igrexa ía contra a fe no único Deus verdadeiro.

Unha das celebracións máis populares no post-imperio en Roma eran as Lupercais, festa de

fertilidade e purificación dos espíritos malignos que se celebraba a partires dun día nefasto de febreiro: o 15, estendéndose por tres ou catro xornadas. Esta festa tamén era coñecida como “februaria”, polas frebas de pel de carneiro que se utilizaban para fustigar simbolicamente ó público asistente a elas no outeiro do Catitolio.

Segundo sabemos polo historiador Plutarco, no alto do Capitolio as vestais elixían a dous mozos, que sacrificaban un año e un can, “logo do cal os mozos escachaban a rir”. Despois de quitarlle a pelica ó año ou carneiro, púñana por riba e pintábanse a cara co sangue. Escollían unhas frebas da pel e baixaban ás carreiras polo Capitolio zorregando na multitude, que se amoreaba impaciente para recibir os máxicos azoutes,

(pasa á páxina seguinte)

O Papa Xelasio necesitaba un golpe de efecto sobre a festa pagana máis arraigada en Roma, as Lupercais, que deixase claro ós fieis que todo o que estaba fóra da doutrina cristiana era demoníaco e maligno. Atacando o seu carácter orxiástico, escribiu a “Epístola contra Andrómaco” para convencer ó Senado da necesidade da súa condena.

(ven da páxina anterior)

especialmente ás “mulleres feitas”, relata **Plutarco**, que deste xeito coidaban aumentar a súa fertilidade e garantir un parto sinxelo. Moreas de xente colapsaban o outeiro do Capitolio, deixando un pequeno andel por onde tiñan que correr os mozos lupercos, que eran escollidos cada ano entre as familias máis significadas de Roma.

Un primeiro detalle relevante e que o lateguño con que percutían nas costas da plebe, sempre sen deixar de rir a cachón, estaba feito a partires de pelica do año ou carneiro sacrificado, de xeito que non era de coiro curtido, e ó bater con elas non infrinxían un dano real. Outro detalle significativo era a indumentaria dos lupercos, que completamente espidos de corpo levaban na testa a cabeza do año ou do can sacrificados.

En terceiro lugar coñecemos, gracias a diversos textos latinos, que existía unha norma tácita segundo a cal non se podía tocar nen responder ás agresións rituais que os mozos realizaban coa súa zamarra de peles brandas.

Esta festa das Lupercas xa era antiga nos tempos do papa Xelasio, contando no século V con máis dun milleiro de anos de antigüidade. Os

Logo de prohibir as Lupercas, o Papa Xelasio tentou cristianizar a festa fixando o 14 de febreiro o día de San Valentín.

propios latinos remontaban a súa orixe ós tempos da fundación de Roma, contando a lenda que servía para conmemorar certa ocasión en que Rómulo perdera o seu gando, e un fauno axudouno a percuralo, correndo espido para que non lle molestara a suor.

De feito, o outeiro capitolino dende onde os mozos “corrían as lupercas” zorregando á xente era a ubicación mitolóxica da cova onde a loba romana amamentara a Rómulo e Remo. Os historiadores atribúen á celebración romana un carácter purificador, que se plasmaría (na súa mentalidade) no carácter orxiástico con que remataba a festa polas rúas de toda Roma. Precisamente este carácter ancestral é o que fixo sobrevivir ás Lupercas por riba do paganismo oficial exportado de Grecia, e mesmo por riba dos cultos imperiais, nados coa divinización de César Augusto.

É comprensible entón a preocupación do Papa Xelasio I ó mirar ás Lupercas coma unha ameaza

pecaminosa contra o cristianismo en expansión polo antigo Imperio. Para erradicar a festa, Xelasio emprendeu unha campaña que inmediatamente foi contestada polo decrépito Senado, co seu líder **Andrómaco** á cabeza. O conflito rematou coa “epístola de Xelasio contra Andrómaco” no ano 495 da nosa era, que sinalou ás Lupercas como “demoníacas” e prohibíunas taxativamente.

San Valentín

Paralelamente, o Papa tentou cristianizar a data na que se celebraban, e sustituiuna polo 14 de febreiro, efeméride na que morrera martirizado no 270 certo relixioso cristiano chamado **Valentín**, que casaba en segredo os lexionarios romanos que o tiñan prohibido. Para unha grande parte de occidente, o “santo do amor” sería a única reminiscencia daqueles “Xogos Lupercas” que a Igrexa condenou por orxiásticos.

Tralo decreto papal, o pobo romano resistiuse durante un tempo a perdelos, como consta nas resolucións contrarias que intentou interpor o Senado. Pero a centralización dun poder cada vez máis crecente na Igrexa de Roma, rematou por facelas sucumbir. Iso sí, en Roma. Pero o antigo Imperio era moi grande e estaba desmembrado, e o acerbo cultural que deixaran os romanos nas súas provincias xa cobrara vida propia en cada lugar. A provincia da **Gallaecia**, que no século I contaba con 691.000 “homes libres”, segundo o



censo de Plinio O Vello, sufrira de mans de Augusto unha romanización cruel, que rematara co práctico exterminio dos homes, ou co seu desterro a provincias tan lonxanas como a Aquitania, na Galia. Logo das tres campañas que puxeron fin ó que pasou á historia como “**Guerras Cántabras**”, a Gallaecia castrexa quedou ás expensas de Roma, para o bo e para o malo, desembarcando no noso territorio a latinización máis profunda.

Daquela, fora repoboada literalmente por lexionarios romanos retirados, coma os que fundaran na Bética a cidade de **Emérita Augusta**, a actual Mérida, e que trouxeron con eles a lingua, o sistema xurídico, o paganismo primeiro e o cristianismo despois, así coma ritos e costumes que pervivirían moito máis alá do Imperio, ata chegar a nós revestidas de múltiples esenciais culturais.

(pasa á páxina seguinte)

As pantallas de Xinzo (na imaxe) forman parte do conxunto de figuras que saen por estas datas en Galicia, na franxa xeográfica que se coñece como “o cinto do Entroido”, e que teñen a súa orixe nas festas da antiga Roma.



A figura que en Laza se coñece como “a morena” é unha representación que coincide co deus italo Fauno Lupercos.

Pervivencias da cultura romana

O “Fauno Lupercos” e a morena de Laza

I.c.

As similitudes entre os mozos romanos correndo costa abaixo do Capitolio zorregando con finxida contundencia na multitude, e os peliqueiros de Laza, cigarróns de Verín, pantallas de Xinzo, boteiros de Viana e mesmo os Guirrios de Asturias é tan evidente que,

Na orixe das Lupercas está o culto ó deus Fauno Lupercos, figura medio animal e medio humana.

No caso de peliqueiros e cigarróns, ambos conservan a pelica de cabra ou doutro animal para cubrirse. Ademais, as súas máscaras están, dende tempos inmemoriais que se remontan ata a dominación romana, vencelladas ós animais totémicos que coinciden cos sacrificados na festa das Luper-

cas: os cánidos (lobo, raposa ou can) e os cápridos (cabra, año ou carneiro).

Non embargante, existe outra figura conservada en toda a franxa xeográfica que os antropólogos chaman “o cinto do Entroido”, que todavía presenta unhas reminiscencias máis evidentes. A figura que en

Laza se coñece como “a morena”, unha representación animal formada por un pau con cornos e pel, corresponde precisamente coa figura central que

conmemoraba a festa pagana de Roma: o deus Fauno Lupercos, divindade itala dos pastores que propiciaba a fertilidade dos rabaños e da xente. Os faunos, representados na mitoloxía romana con cornos e figura pseudo-humana, sincretizáronse nestas morenas.

